



## NOTA DE PRENSA 13 de setembro 2021

### O 15 de setembro comeza oficialmente a vendimia na D.O. Ribeira Sacra

O pleno do Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra fixa como data recomendada para o inicio xeneralizado da vendima na Denominación de Orixe o **15 de setembro**, prolongándose previsiblemente a recollida da uva ata mediados do mes de outubro; podendo chegar ao redor do **6 millóns de quilos de uva**. O pasado ano a data oficial foi o 16 de setembro e remataba a vendima o 7 de outubro.

Os resultados dos **controis de maduración** nas viñas, que desenvolveu o equipo técnico da Denominación desde finais de agosto, permitiron determinar o estado da uva e definir a data oficial para o inicio da vendima nesta campaña.

100 adegas están inscritas na D.O. este ano, das que **22 xa están recollendo uva**. Desde que na última fin de semana de agosto algunas adegas comezaran a recollida de Godello, lévanse recollidos a data, **12 de setembro**, un total de **68.252 quilos**.

A maioría corresponden a Godello, con 41.392 quilos, séguenlle:

Merenzao, 11.037 quilos

Mencía, 10.221 quilos

Albariño, 2.534 quilos

Dona Branca, 1.810 quilos

Treixadura, 776 quilos

Branco Lexítimo, 278 quilos

Loureira, 115 quilos

Mouratón, 90 quilos